

ARQUIPÉLAGO DE CÍES

CARACTERIZACIÓN DO ARQUIPÉLAGO

DATOS XERAIS

Termos municipais: Vigo (Pontevedra)

Infraestruturas de acceso: Son vías marítimas de acceso ao arquipélago de Cíes aquelas que permiten acceder o mesmo dende os distintos portos.

Porto	Localización	Competencia	Usos	Calado	Servizos
Vigo	8° 43' 32,83" W 42° 14' 27,60" N	Autoridade portuaria de Vigo	Pesqueiro	6m	Surtidor de gasóleo e gasolina, guindastre, estaleiro, estación de radio, rampla, varadoiro.
Baiona	8° 43' 32,83" W 42° 14' 27,60" N	Portos de Galicia	Pesqueiro e deportivo	6m	Surtidor de gasóleo e gasolina, guindastre, estaleiro, reparacións eléctricas, reparacións do casco, capacidade travelift: 15 Tm.
Cangas	8° 46' 8" W 42° 15' 6" N	Portos de Galicia	Pesqueiro e deportivo	3,5m.	Surtidor de gasóleo e gasolina, guindastre, efectos navais, farmacia.
Bueu	8° 47' 1" W 42° 19' 8" N	Portos de Galicia	Pesqueiro e deportivo	3m	Surtidor de gasóleo e gasolina, guindastre, efectos navais, farmacia.

Caracterización ambiental : Na costa de Ons atopase a seguinte tipoloxía de costa:

(Consultar mapa 1)

- 1A Costa rochosa en zonas expostas
- 1B Estruturas artificiais en zonas expostas
- 3A Praias de area de gran fino a medio

Elementos Vulnerables destacados (Consultar mapa 2):

Elemento vulnerable	Vulnerabilidade máxima
Corvo mariño (niños)	Moderada
Corvo mariño (alimentación)	Moi alta
Paíño e/ou pardela	Moi alta
Maërl	Moi alta
Londra	Moi alta
Gaivota patiamarela	Alta
Bancos marisqueiros	Moi Alta

Cartografía base para las medidas de actuación



Mapa 1 Caracterización ambiental da costa de Cíes



Mapa 2 Elementos vulnerables destacados

ARQUIPÉLAGO DE CÍES

Medidas de actuación

PROTECCIÓN

No ámbito de este plan non se contempla o despregamento de barreiras en mar aberto, con todo, no caso de mobilizarse medios rexionais ou nacionais, asesorarase aos responsables da loita contra a contaminación no mar sobre a idoneidade do desvío do contaminante fóra dos límites das zonas con altas vulnerabilidades.

Nas praias de area (gran fino ou medio) empregaranse materiais absorbentes e rolos oleofílicos, en auga ou en terra, co obxectivo de limitar a extensión da contaminación, a dispersión do contaminante no substrato e facilitar a súa posterior recuperación. Debe evitarse o seu uso en zonas de abundancia de aves mariñas que puideran quedar atrapadas en eles. Así mesmo evitárase deixar o absorbente un tempo excesivo por mor de evitar o risco de intoxicación na fauna pola súa ingestión.

Para protexer as zonas de costa formada por superficies sólidas como rocas ou muros recoméndase o emprego de filmóxenos (produtos compostos de alxinatos, extractos de algas). Estes formarán unha película que reduce a adherencia dos hidrocarburos facilitando as tarefas de limpeza manual posterior e evitando o uso de técnicas que poidan ter un maior impacto ambiental como pode ser o lavado a presión.

LIMPEZA

A elección das diferentes técnicas de limpeza a empregar en cada tramo do arquipélago farase seguindo as recomendacións do Atlas para a limpeza da costa de Galicia no caso de vertedura accidental.

En termos xerais, inda que estás poderán variar en base a situación en concreto, as técnicas máis adecuadas no arquipélago son:

- **Limpeza natural** para aqueles lugares rochosos batidos por unha forte ondada, onde o acceso dende terra entraña dificultades.
- **Recollida manual**, recomendada para retirar o contaminante en praias nas que o uso de maquinaria está limitado, ben por dificultades de acceso ou porque se poderían alterar gravemente os hábitats presentes.

Debido ás limitacións de acceso de vehículos de transporte por terra a moitos puntos do arquipélago, recoméndase que a retirada do residuo unha vez recollido fágase a través de embarcacións que poidan acceder á zona.

Así mesmo, recoméndase que a obra de descontaminación, entendéndose esta como o centro neurálxico de operacións, quede emprazada no peirao de Rodas.

FLORA


A especificidade da flora presente no PNMTIAG fai imprescindible que os protocolos de resposta as continxencias mariñas sexan respectuosos evitando na medida do posible os efectos colaterais do despregue dos medios empregados nos labores de resposta. Por mor da súa especial vulnerabilidade, a hora de organizar as labores de resposta, considéranse prioritaria a protección das seguintes especies.




Linaria arenaria



Omphalodes littoralis subsp. Gallaecica



Rumex rupestris



Chaetopogon fasciculatus subsp. prostratus



Narcissus pseudonarcissus subsp. nobilis



Erodium maritimum